

A MARQUESA DE O... 1824

Éric Rohmer, 1976

ESTREA EN NUMAX: 08.09.2026 | V.O.S.E. | 102 min

Século XIX. Norte de Italia. Xulieta, a marquesa de O, é unha fermosa e moza viúva que vive cos seus pais. Durante o asedio á súa cidade polas tropas rusas, a Marquesa sofre un intento de violación, pero sálvase grazas á intervención dun cabaleiro ruso, o conde. Meses despois, Xulieta, inexplicablemente, está embarazada. Incapaz de aceptar esta vergoña, a súa familia bótaa de casa. Sen recordar contacto algún con ningún home e convencida da súa inocencia, deberá descubrir quen é o pai do seu fillo.



A busca do estilo nos límites

Por Néstor Almendros

En oposición aos meus filmes de época con Truffaut -de tons máis ben escuros, en especial *Adèle H.*-, este é un filme luminoso, con grandes ventanais, con sol e tons brancos na escenografía e o vestiario. Non se trataba de brancos puros, naturalmente, senón de teas crúas, pasadas acotío por un baño de té. Isto presentou ao inicio pequenas dificultades coa deseñadora de vestiario. Moidelei Bikel, unha das mellores profesionais do mundo na súa especialidade, provén do teatro Schaubune, de Berlín. *A marquesa de O...* era o seu primeiro filme e quería empregar o branco puro nas cortinas, as roupas e as sabas como se fai nos espectáculos teatrais. Tiven que facerlle comprender que os brancos habían ser moito máis violentos en pantalla que na escena, até o extremo de que chegarían a desaparecer, por sobreexposición, as texturas das teas que tan coidadosamente tiña procurado.

Un ano antes da rodaxe, Rohmer e máis eu visitamos o castelo de Obertzen, en Alemaña, de estilo italianizante. Decidimos pintar de gris as paredes desconchadas; o gris é a cor neutra por excelencia, grazas ao cal os mobles, as roupas e os rostros acaban un valor moi xusto, moi nobre, sen contaminacións cromáticas. Unha vez máis rebasaba os límites do director de fotografía para invadir os territorios do decorado e o vestiario e mesmo o *atrezzo*. En cambio no que se refire especificamente á iluminación o meu labor foi mínimo. O castelo estaba orientado de tal xeito, concibido con tal intelixencia polo seu arquitecto, nunha sucesión de cuartos en fila, que a luz do sol, ao penetrar polos ventanais, repetía un debuxo en fuga sobre o chan de maneira marabillosa. A nosa tarefa consistiu en estudar as diferentes posición desta luz solar até descubrir o seu momento privilexiado estética e dramaticamente. Na rodaxe limiteime a engadir algúns *soft-lights* e espellos para compensar os contrastes. O arquitecto do século XVIII foi quen deseñou a iluminación deste filme.

Nos interiores deixabamos con frecuencia os personaxes ao carón da fiestra, segundo a técnica de Vermeer. Estudamos os sistemas de iluminación da época e descubrimos que na altura non existían as lámpadas de petróleo, por tanto a luz era máis feble. Porén, como as persoas das clases sociais elevadas dispoñían de candieiras de moitos brazos que aumentaban a luminosidade unha certa vantaxe estaba da nosa parte.

Na época na que rodamos o filme eu estaba a prol dun cinema feito de movementos de cámara imperceptibles e iluminación discreta. Até os *travellings* me sobran porque aínda o máis perfecto non deixa de ser artificial. O equilibrio no encadre era para min a preocupación principal, e considero que nas películas de época a composición debe ser perfecta. Existía noutro tempo un sentido da medida e das proporcións que hoxe me parece que desapareceu. De aí que os nosos encadres sexan máis simétricos, tivesen rigorosamente en conta o atinado equilibrio entre formas e luces. Algúns pintores foron inspiradores, como é lóxico, os románticos alemáns e, en particular, Fuseli, a quen practicamente copiamos na escena do pesadelo.

Non hai nada peor que o abuso de accesorios técnicos: difusión, teleobxectivos, cámara lenta. Moitos directores, que non teñen nada de interese fronte a cámara, recorren a trucaxes. Rohmer non precisa, por sorte, tales afectacións da imaxe. O estilo ten moito que ver cos límites. Cando non hai límites, non hai estilo.

Días de una cámara, Néstor Almendros (Seix Barral, 1982)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Días de una cámara,
Néstor Almendros.
Libros Walden